



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

Carta Pastoral no Nadal 2009 A VERDADE DO NADAL: O AMOR DE DEUS

Queridos diocesanos:

Seguindo o itinerario litúrxico dispoñémonos a vivir o Advento, tempo propicio para espertar nos nosos corazóns a espera de “O que é, o que era e o que está a vir” (Ap 1, 8). Este é tamén *o sentido dun novo ano litúrxico que se inicia* no que a Igrexa nos acompaña para que podamos redescubrir o misterio de Cristo, mediante a Palabra e os Sacramentos, que en definitiva é o amor de Deus Pai que vén sempre ao noso encontro. Nesta perspectiva, a celebración do Advento é a resposta da Igrexa Esposa á iniciativa sempre nova de Cristo Esposo. A nós que damos a impresión de non ter tempo para Deus, El ofrécenos outro tempo, un novo espazo cunha forte vertebración espiritual para volver entrar en nós mesmos, a encamiñarnos, a reencontrar o sentido da esperanza. O que non percibimos cos nosos sentidos, a promesa de Deus faino realidade. “A *mística* do Sacramento, que se basea no abaixamento de Deus cara a nós, ten outra dimensión de gran alcance e que leva moito máis alto do que calquera elevación mística do home podería alcanzar. [...] O Deus encarnado atraénos a todos cara a si. Enténdese, pois, que o agapé converteuse tamén nun nome da Eucaristía: nela o agapé de Deus chéganos corporalmente para seguir actuando en nós e por nós. Só a partir deste fundamento cristolóxico-sacramental pódese entender correctamente o ensino de Xesús sobre o amor¹”.

Destinatarios do amor de Deus

O Nadal recórdanos que somos destinatarios do amor de Deus e que isto nos converte en suxeitos de caridade “chamados a facernos nós mesmos instrumentos da graza para difundir a caridade de Deus e para tecer as redes da caridade”². Queremos ben ás persoas cando as amamos. E este amor debemos plasmalo nas obras de ben cos demais, dando gloria a Deus. O encontro co Amor de Deus encarnado no seu Fillo Xesucristo ha de ser a principal forza impulsora do noso dinamismo cristián e do noso compromiso no traballo pola xustiza e a paz. Así poderemos cantar: “Gloria a Deus no ceo e na terra paz aos homes que ama o Señor”. Esta paz, vinculada co perdón dos pecados, é a irradiación do Amor de Deus en nós. O nacemento do Fillo de Deus feito home, luz que ilumina a todo home, é o principio desa paz.

A ignorancia relixiosa conleva a suplantación do Evanxeo nas nosas comunidades cristiás. Non asistamos indiferentes á laicización do Nadal. Deus veu aos homes para que estes vaian a Deus. Nestes momentos en que se percibe que algúns se van afastando da Igrexa, o acontecemento do nacemento do Fillo de Deus, feito home, é unha chamada para volver a Deus. Esta actitude garante o encontro cos demais nas situacións que están afrontando e das que non podemos sentirnos alleos. Neste sentido, unha vez máis, pídevos estar próximos a todos, pero de xeito especial ás persoas que máis poden necesitar a nosa axuda espiritual e material. “A caridade en verdade, da

¹ BENEDICTO XVI, *Deus Caritas est*, 13-14.

² BENEDICTO XVI, *Caritas in veritate*, 5.



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

que Xesucristo se fixo testemuña coa súa vida terreal e, sobre todo, coa súa morte e resurrección, é a principal forza impulsora do auténtico desenvolvemento de cada persoa e de toda a humanidade”³.

Espírito de conversión

O espírito do Nadal lévanos a vivir o encontro con Deus, confesando os nosos pecados e gozando da súa graza; a erradicar a inimizade e o odio que enturban as relacións cos demais, dentro do contexto familiar e fóra del; e a ter un signo de proximidade e de xenerosidade cos demais. Como escribe o apóstolo Paulo, *Cristo deu morte ao odio, El é a nosa paz*. Así, quenes non comparten a nosa fe, entenderán cal é o sentido do Nadal para nós os cristiáns non só polo que lles podamos dicir senón tamén polo que nos vexan facer.

Non temos por que avergoñarnos de manifestar o gozo do Nadal cos símbolos cristiáns propios. Son parte do patrimonio da nosa fe e da nosa cultura. Na nosa peregrinación diocesana a Terra Santa tivemos a graza de visitar Belén e dentro desta cidade visitamos a Basílica na que se recorda o lugar do nacemento de Cristo. Con esperanza tívenvos moi presentes a todos agradecendo ao Neno Deus que se fixese home igual en todo a nós menos no pecado, revelándonos a dignidade da nosa vocación. Revivir este acontecemento, queridas familias, facendo o Belén nas vosas casas, “pode ser unha forma sinxela pero eficaz de presentar a fe e transmitila aos propios fillos. O pesebre axúdanos a contemplar o misterio do amor de Deus que se revelou na pobreza e na sinxeleza da gruta de Belén”.

Cristo veu unha vez na humildade da carne, volverá un día no poder da súa gloria e vén cada día, espiritualmente, polo ministerio da Igrexa. Nesta conciencia preparémonos a participar nas grazas xubilares do Ano Santo Compostelán onde atopan eco as palabras que Xesús pronunciou na Sinagoga: “O Espírito do Señor está sobre min, porque El foi quen me unxiu...e envioume a proclamar o ano de graza do Señor... Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura” (Lc 4, 18.19.21).

¡Feliz e santo Nadal! Saúdavos con afecto e bendí no Señor,

+Xulián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela

³ *Ibid.*, 1.